

Vermes de luz¹

Era unha noite de temporal na Coruña. Unha noite desas nas que os mariñeiros se xogan a vida para gañar o pan e os afeccionados á fotografía desafían os elementos en Punta Herminia e na Ribeira do Cómara para obter unha fiel instantánea da furia da natureza. De súpeto, no cemiterio de Santo Amaro, no que a brisa agarima cada mañá aos que xa non están connosco, a forza da borrasca fixo desprenderse unha cruz dun vello panteón cheo de musgo. A cruz bateu contra a lápida dunha das sepulturas, na que podía lerse o nome de Antón Villar Ponte.

Sobresaltado, o intelectual galeguista abriu a caixa e asomou polo burato que abriera o impacto. Coa torpeza que provocan case oito décadas de inactividade, conseguiu ao final pórse en pé. Estirouse e sacudiu o traxe de domingo co que fora enterrado. Axiña, de xeito case instintivo, botou a man ao abdome. A úlcera de estómago que condicionara a súa frenética actividade política e intelectual, e que finalmente o levara ao cadaleito, desaparecera por completo.

Villar Ponte continuou apalpándose, sorprendido de que todos os membros seguisen no seu sitio. Rematadas as comprobacións rutineiras, o maior dos Villar Ponte decidiu ir volver pisar as rúas da súa amada Coruña. Antes, non obstante, tiña algo que facer: pasar uns minutos, coa cabeza descuberta, diante do cadaleito da familia do seu irmán Ramón. As bágoas do fundador das Irmandades mesturáronse coas pingas da choiva que seguían regando o amencer.

O escritor non estaba moi certo de que camiño seguir. Non sabía ata que punto a cidade herculina sería a mesma que el deixara. Para non perderse e xa que empezara no punto final da súa vida, decidiu seguir o percorrido á inversa, e desfacer os pasos da súa comitiva funeraria, aquela que presidiran o cinco de marzo de 1936 o gobernador civil, os alcaldes da Coruña e Santiago, o presidente da Real Academia Galega e o da Asociación da Prensa da cidade, Fernando Martínez Morás.

As grandes paixóns sobreviven a todo, mesmo á morte. Pode ser esa a razón de que, ao pasar polo Campo da Leña, tras baixar a rúa da Torre, Villar Ponte non puidese resistirse a parar no quiosco. Sorriu compracido ao comprobar como coñecía practicamente todas as cabeceiras: *El Ideal Gallego*, o principal voceiro do rexionalismo católico na cidade; *El País*, que identificou como o "*diario republicano progresista*" onde escribira Curros; *El Mundo*, aquela cabeceira

¹ Todas as palabras que aparecen aquí atribuídas a Antón Vilar Ponte foron algunha vez pronunciadas ou escritas por el. Respectei sempre a lingua e a graffía orixinais

madrileña tan frontalmente oposta aos nacionalismos nacentes; o monárquico *ABC* e *La Voz de Galicia*, o xornal que máis marcara a súa carreira xornalística.

Tras mercar o diario no que escribira tantos anos, a curiosidade puido despois máis cá modestia —hai licenzas que un se pode permitir 134 anos despois de nacer— e preguntoulle á muller onde quedaba a rúa Antón Villar Ponte. "Neniño, non che sei, creo que iso non existe... non te estarás referindo á rúa José Ramón Villar Chao, verdade? Esa queda polos Castros", respondeu. A lixeira comezón por non ter unha rúa ao seu nome na cidade que converteu no epicentro do nacionalismo galego desapareceu axiña, mentres matinaba sobre os logros que tería acadado o seu sobriño José Ramón para aparecer, el si, no rueiro herculino.

Cavilando nisto, foi baixando pola rúa Panadeiras, a do Orzán, a de San Andrés e a rúa Nova, ata chegar á rúa Real, que el prefería chamar polo nome que recibiu en 1931: Capitán Galán. Despois de recibir a mirada escéptica dos dependentes da tenda de roupa que hai no número 38 cando lles preguntou onde se trasladara a sé das Irmandades, chegou a María Pita. O entrechocar dos paraugas das persoas que trasegaban pola praza mareouno un pouco, afeito como estaba á tranquilidade do camposanto.

Así, decidiu seguir ata un dos que, en vida, eran os seus recunchos favoritos da cidade: o Xardín de San Carlos. No punto máxico onde se xuntan a Historia, a terra e o mar da Coruña e boa parte do *volksgeist* galego, Villar Ponte ficou inmóbil ao pé da tumba de Sir John Moore, un dos protagonistas dunha xesta que "*ha inmortalizado el heroísmo y la nobleza del pueblo gallego*", tal e como o viveirense recordaba que dixeran o duque de Wellington.

Villar sentou ao pé dos mesmos olmos que o acolleran un século atrás. Quedou mirando, absorto, ao edificio do Arquivo do Reino de Galicia. Recordou que a conservación dos documentos xudiciais históricos fora o tema central da súa primeira intervención no Congreso dos Deputados, alá polo 14 de xaneiro de 1932. Satisfeito porque, finalmente, atopasen alí un digno acubillo "*muchas toneladas de papel que representan una verdadera fuente para el estudio de la historia de Galicia y de otras tierras de España*", abriu o xornal.

O primeiro que lle chamou a atención foi a dieta de engorde que vivira a prensa diaria e a presenza de imaxes a color en case todas as páxinas. A comparación cun arlequín con certo sobrepeso informativo axiña lle desapareceu do maxín e deu paso a unha certa sensación de *déjà vu*. Nestes 80 anos mudaran as formas, pero non tanto os contidos. Seguíase falando do Eixo Atlántico A Coruña-Vigo, e puido ver que as autoridades escoitaran o seu clamor por un "*ferrocarril de la costa que yo llamo democrático y constitucional*", como repetiu polo baixo.

Seguíase alimentando o eterno debate das alianzas do nacionalismo galego, cuxos militantes dividira entre os de “temperamento político”, “que profesan unha grande tolerancia para canto se lles ofrece por diante”, e os de “temperamento apostólico”, que “profesan unha fonda intransixencia nas cuestións relacionadas c’o ideal”. “Eu confío mais n’estes que n’aqueloutros”, murmurou. Ademais, inmiscuído naquel debate atopou o único nome que lle resultou familiar naquel xornal. Era o dun tal Beiras Torrado, que imaxinou que sería fillo de Manuel Beiras —compañeiro de Vicente Risco na Dereita Galeguista— e de Herminia Torrado, que estaba encinta no momento no que Villar morrera.

Seguíase derramando moita tinta, por suposto, sobre a lingua, “*el escudo de la autonomía espiritual, más fuerte que las armas*”, “*estéticamente hablando, la válvula de verdadera expansión para el genio de un pueblo*”. Descubriu, con alegría, unha mención a unha Iniciativa Lexislativa Popular para traer ás escolas galegas o portugués, unha lingua “separada de nós por torpezas históricas”. “¿Por qué a nosa lingua viva non ha trunfar para sere no futuro verbo escelso da civilización atlántica que ven xermolando?”, preguntou en voz alta mentres pechaba o xornal, xa húmido polo orballo incesante.

Antón Villar Ponte volveu ao cadaleito canso e enchoupado, pero feliz. Nin sequera oito décadas baixo terra puideran soterrar o optimismo patolóxico que plasmou na súa extensa obra. Nin sequera as moreas de pantalóns vaqueiros que ocupaban agora o vello local das Irmandades da Fala. Na súa efémera volta á Galicia terrea comprobara que as cousas ían moito mellor de cando el a deixara. Unha economía máis moderna, unha cultura autóctona normalizada (conseguírase “*demostrar que el gallego servía y sirve (¡quién lo duda!) para todo lo serio*”), unhas infraestruturas cada vez máis á altura do país. A nivel político, fixéranse grandes avances cara a esa “autonomía integral” que propugnaban os galeguistas das Irmandades. Aínda quedaba moito camiño por andar, pero Villar Ponte vía, de xeito indubidable, que se avanzara moito nos seus anos de ausencia.

Os insignes homes e mulleres que devolveran a nosa lingua á primeira liña política xa desapareceran. Tamén eran Historia as asociacións que fundaran, os seus partidos políticos, os seus innumerables voceiros xornalísticos. Pero nada disto fora en van. Antes de pechar de novo a tapa e reemprender o descanso eterno, mentres a Torre de Hércules iluminaba o seu rostro por última vez, o viveirense recordou a elexía que lle adicara ao seu amigo betanceiro José García Acuña. Na friaxe dos labios daqueles galeguistas, daqueles irmandiños, “os vermes da morte” trocáranse en “vermes de luz”. E na cidade da Coruña, recordemos, os faros non adoitan apagarse.

Andrew Looper